

INVESTIGACIÓN DE COIDADOS EN SAÚDE

A investigación en coidados de saúde aglutina os esforzos científicos realizados no campo da enfermería.

En España existe unha unidade coordinada polo Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) no que se integran profesionais do Sergas.

A Unidade de Investigación en Coidados de Saúde (Investén-iscii) busca o desenvolvemento dunha estratexia a nivel estatal para fomentar e coordinar a investigación translacional e multidisciplinar neste ámbito, potenciando a súa integración na práctica clínica diaria.

A finalidade de Investén-iscii é contribuír a que os coidados de saúde sexan seguros, da mellor calidade e baseados en resultados válidos e fiables derivados da investigación rigorosa e da vinculación entre o sector universitario, o clínico e o empresarial. Os seus resultados axudan a optimizar a toma de decisións por parte de persoal de enfermería.

Santiago de Compostela recibiu ás profesionais da enfermaría na Xornada Galega de Investigación en Coidados da Saúde Baseados na Evidencia: “impulsando a excelencia dos coidados”



A Coruña acolleu máis de 600 profesionais de enfermería no Congreso de Investigación en Coidados de INVESTEN



Dúas EOXI de Galicia incorpóranse ao programa “Centro Comprometido coa Excelencia en Coidados”



Centro Español para os Coidados de Saúde baseados na Evidencia (CECBE)

